

## INTERDISCIPLINAR

### “O SISTEMA EDUCATIVO ITALIANO TRA-LA REFORMA DO 2003”

Unha ollada á nova lei marco que regula a instrucción académica en Italia.

RAÑAL, Francisco

No noso país unha nova reforma educativa está en preparación. A opinión do profesorado, así como a dos demais sectores da comunidade educativa, debe ser tida en consideración. Semella pois máis importante que nunca reflexionar sobre a nosa experiencia presente e pasada, pero tamén mirar en derredor, cotexar o noso modelo educativo co dos nosos veciños e co dos países que mellores resultados académicos están tendo para dotar ao noso criterio dunha perspectiva global sempre necesaria. Axudar nesta imprescindible tarefa é o único obxectivo do presente traballo.

Naturalmente, por obvias razóns de espacio e tempo, o noso estudio limitarase a unha breve descrición comparativa dos aspectos máis salientabeis dos sistemas educativos da media ducia de países que consideramos como os máis influíntes no ámbito educativo occidental:

- **EEUU:** a súa preminencia político-económica a nivel internacional e o seu exitoso modelo universitario fan que a súa influencia cultural e educativa teñan alcance mundial, pese aos seus máis que discretos resultados nas etapas de ensino obrigatorio.
- **Finlandia:** os seus brillantes resultados na última enquisa *PISA* (Programa Internacional de Avaliación Estudiantil) do ano 2000 entre os 32 países da *OCDE* (Organización para a Cooperación Económica e o Desenvolvemento) que o situaron no 3º lugar, só por detrás de Xapón e Corea, convertiron o seu peculiar e descoñecido sistema educativo en obxecto de numerosos recentes estudos.
- **Gran Bretaña:** un sistema educativo de longa tradición e forte influencia nos países anglófonos e anglosaxóns, como Australia, Nova Zelandia e Canadá, todos eles na cabeza dos resultados da enquisa *PISA*, xusto debaixo dos tres primeiros antes mencionados (Xapón, Corea e Finlandia).
- **Francia:** un dos primeiros sistemas educativos igualitariamente concebidos, foi, e continúa a ser, unha referencia imprescindible para moitos países, e concretamente para España. Os seus resultados na última *PISA* non foron nada brillantes, por debaixo dos países escandinavos pero aínda por riba dos EEUU e da media dos países avaliados na enquisa.
- **Alemaña:** un sistema educativo altamente selectivo, que xa no 5º curso (10 anos de idade) califica aos alumnos en tres “itinerarios” segundo as súas capacidades, obtivo baixos resultados medios na *PISA* (incluso peores que os españois en comprensión lectora) e detectáronse as maiores disparidades entre alumnos, debido sen dúbida á segregación do ensino secundario en tres tipos.

- **Italia:** país de tradición e cultura semellantes ás españolas en certos aspectos, e cuxo sistema educativo ven de experimentar un proceso de reforma esquerdista e posterior “contra-reforma” berlusconiana parecido ao noso, que merece estudo, especialmente porque os seus resultados académicos son dos peores da UE (só por riba de Portugal e Grecia), pese a que a inversión por alumno é moi superior á española.

Os rasgos que se compararán nos sistemas educativos destes seis países son os que consideramos máis importantes e definitorios:

- 1- Educación preescolar: idades e gratuidade.
- 2- Educación obligatoria: idades e etapas.
- 3- Criterios de admisión á escola pública.
- 4- Horario escolar e duración do calendario escolar.
- 5- Número máximo de alumnos por aula.
- 6- Deseño curricular na ESO.
- 7- Avaliacións e calificacións na ESO.
- 8- Integración de alumnos con necesidades especiais.
- 9- Profesorado.
- 10- Dirección dos centros.
- 11- Tipos de ensinanza post-obligatoria (ESPO).
- 12- Criterios de admisión na ESPO.
- 13- Deseño curricular na ESPO.
- 14- Avaliación e calificación na ESPO.
- 15- Tipos de educación superior.
- 16- Criterios de acceso á educación superior.

Naturalmente, inda que o nivel económico destes seis países non é moi dispar, son tantos os matices socio-culturais que os diferencian entre sí e de nos, que resulta moi difícil tirar conclusións terminantes a partires deste breve análise, pero confiamos que poda axudar a clarificar o tipo de modelo educativo ao que parecería desexábel tender mediante as reformas previstas.

Para unha información exhaustiva destes e de moitos máis sistemas educativos europeos é moi recomendable visitar a web de *EURYDICE* :[www.eurydice.org/](http://www.eurydice.org/)

Sobre a enquisa *PISA* e a OCDE son moi recomendables os traballos “*Knowledge and skills for life*” e “*Literacy skills for the world of tomorrow*” onde se analizan pormenorizadamente os resultados deste programa. Pódense atopar en [www.oecd.org](http://www.oecd.org) e en [www.pisa.oecd.org](http://www.pisa.oecd.org) xunto con outras interesantes informacións.

Sobre o sistema educativo de cada país son moi útiles as seguintes direccións:

- EEUU: [www.enciga.org](http://www.enciga.org) - Boletín das Ciencias nº55- “*Unha análise crítica do sistema educativo de EEUU*”

[www.ed.gov](http://www.ed.gov) – Departamento de Educación de EEUU

[www.spainemb.edu.org](http://www.spainemb.edu.org) – Consejería Educación Española en EEUU

- Finlandia: [www.minedu.fi](http://www.minedu.fi) – Ministerio finés de Educación

- Gran Bretaña: [www.dfes.gov.uk](http://www.dfes.gov.uk) – Ministerio de Educación Británico

[www.sgci.mec.es/uk/](http://www.sgci.mec.es/uk/) - Consejería Educ. Española en R.U.

- Francia: [www.eduscol.education.fr](http://www.eduscol.education.fr) – Ministerio Educ. Francia

[www.cndp.fr](http://www.cndp.fr) – Centro Nac. Documentación Pedagógica

- Alemaña: [www.bmbf.de](http://www.bmbf.de) – Ministerio Educ. Alemán  
[www.sgci.mec.es/de/](http://www.sgci.mec.es/de/) - Consejería Educ. Española en Alemania
- Italia: [www.instruzione.it](http://www.instruzione.it) – Ministerio Educ. Italia  
[www.sgci.mec.es/it/](http://www.sgci.mec.es/it/) - Consejería Educ. Española en Italia